

## A internet amosa que se empregan máis os topónimos galegos

Procuramos en Google os resultados para a palabra galego e comparámoslos coas veces nas que se recolle a voz gallego e sorpresa: galego aparece 20 millóns de ocasións máis que gallego.

Procuramos en Google os resultados para a palabra galego e comparámoslos coas veces nas que se recolle a voz gallego e sorpresa: galego aparece 20 millóns de ocasións máis que gallego.

O buscador Google converteuse nunha ferramenta imprescindible para moitos internautas pola súa capacidade de localización de textos. Mais esta páxina ofrece algunhas posibilidades nas que pouco reparan os que a visitan. Por exemplo, se alguén quer saber se burro se escribe con &ldquo;b&rdquo; ou con &ldquo;v&rdquo;, non ten máis que buscar en Google as dúas palabras por separado. Ao facelo, comprobamos que os resultados de &ldquo;burro&rdquo; son 6,9 millóns, fronte a 23.000 de &ldquo;vurro&rdquo;, o que significa que se escribe con &ldquo;b&rdquo;. Eis a democracia estatística da internet.

Mais, que acontece con outras palabras? O termo &ldquo;galego&rdquo; aparece 29 millóns de veces, mentres que a voz &ldquo;gallego&rdquo; emprégase en nove millóns de ocasións. Se nos fixamos nos topónimos, &ldquo;A Coruña&rdquo; aparece 7,6 millóns de veces, mentres que &ldquo;La Coruña&rdquo; sae 5,5 millóns. Esa circunstancia non sempre se dá no caso de todos os topónimos deturpados e Ourense recóllese menos veces que a voz Orense, mais se depuramos os resultados e só escollemos ignorando o inglés, comprobamos que as dúas formas empréganse de forma análoga.

Nova orixinal en A Nosa Terra